

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

15/651 CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO. PRÓRROGA DENDE O 31.05.2017 ATA O 30.05.2018.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación e da Técnica do Servizo de Contratación, do 16 de outubro de 2007 que, na súa parte expositiva fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Contrato administrativo do “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO” asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A en data **31 de maio de 2013** por un prezo para a primeira anualidade de 313.640,72 euros, IVE incluído, resultado de sumar o prezo de 253.640,72 euros, IVE incluído, e o importe máximo de 60.000 euros, IVE incluído, en concepto de novas actuacións e instalacións para realizar polo licitador e cun prazo de duración conforme a cláusula terceira do contrato “de **CATRO anos**, podéndose prorrogar, mediante acordo expreso do Concello e coa conformidade do contratista, por **prazos máximos dun ano** ata un máximo de **DÚAS** prórrogas. Para estes efectos o contratista comunicará por escrito, cunha antelación de catro meses, a finalización do contrato ou das súas prórrogas, e a súa vontade de que o contrato sexa ou non prorrogado. O Concello de Lugo adoptará acordo sobre a concesión e duración – se é o caso – ou non da prórroga solicitada, no prazo dos sesenta días seguintes á solicitude do contratista, que lle será comunicado a este para continuar coas prestacións do contrato ou dar por finalizadas estas nas datas fixadas no anterior acordo.”

2.- Decreto 16006268, do 18 de agosto de 2016, en virtude do cal se toma razón do cambio de denominación social da empresa chamada TELVENT TRÁFICO y TRANSPORTES, S.A., que pasa a denominarse KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A., para os efectos de seguir executando o contrato asinado no seu día.

3.- Solicitud presentada por don José Luis Martínez Lozano, en nome de KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A., en data **13 de xaneiro de 2017** de prórroga do contrato por un prazo dun ano; posteriormente achega as certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social do 3 de maio e 23 de marzo de 2017, respectivamente.



CSV: Qdb48TA+NoP87/A8Cj2yLw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 1 / 4

DATAS(UTC)

30/10/2017 18:28:01

30/10/2017 18:28:01

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refº: 17x460150651

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2017

4.- Informe emitido polo responsable do contrato don Pablo Fuentes con data 15 de maio de 2017 favorable á prórroga solicitada.

5.- Informe de Tesourería do 19 de maio de 2017 de non existencia de débedas tributarias municipais.

6.- Providencia do Xefe de Servizo de Contratación do 24 de maio de 2017 informando en relación coa necesaria consignación orzamentaria de que "non foi posible obter a mencionada certificación de consignación orzamentaria, por corresponder unha parte da mesma a partidas de investimento do capítulo VI, nas que na actualidade non existen créditos disponibles para estes efectos, segundo nos teñen advertido dende o Departamento de Contabilidade. Por este motivo, pone no seu coñecemento a mencionada circunstancia aos efectos de que se dispoñan as accións que estimen convenientes de cara a habilitación do crédito correspondente e a súa aportación a este servizo, mediante a certificación de consignación, para a continuación da tramitación da dita prórroga."

7.- O Pleno Municipal en sesión celebrada o 29 de xuño de 2017 aprobou inicialmente un crédito extraordinario que incluíu no capítulo VI "Novas actuacións e instalacións Sala Control Tráfico" un importe de 30.000 euros (que sería suficiente para atender el gasto del año 2017 una vez acordada la prórroga para todo un año). A aprobación definitiva tivo lugar o 18 de agosto de 2017 por acordo plenario sendo publicado no BOP o 21 de agosto de 2017.

8.- Certificación da Tesourería Municipal do 21.09.2018 de existencia de crédito na aplicación 13200.22799 do Orzamento Municipal de 2017 por importe de 126.820,36 euros (RC 92310; RCC 99616) e na aplicación 13200.61900 por importe de 30.000 euros (RC 92313; C.P 17RT00004).

Cómpre salientar que este expediente de prórroga solicítase pola empresa contratista coa antelación de catro meses establecida nos pregos e infórmase favorablemente polo responsable do contrato antes da finalización do prazo de duración polo que se evidencia a vontade de continuar coa prestación do servizo nos termos pactados no contrato.

A imposibilidade de tramar e aprobar a prórroga antes do remate da duración inicial (31.05.2017) derivou, como se indica anteriormente, da inexistencia de crédito para fazer frente aos investimentos establecidos no contrato ante a situación de prórroga orzamentaria que non inclúe o capítulo VI, de modo que foi necesario esperar á aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria o que evidencia que a prórroga, de adoptarse esta polo órgano municipal competente, se adoptará unha vez vencido o dito contrato.

Non obstante, cómpre realizar unha reflexión de en qué medida este defecto formal consistente – para o caso de adoptarse a prórroga fóra do prazo - nunha actuación fóra do prazo pode implicar un vicio que invalidaría o acto administrativo. O artigo 63.3 da LRXPAC establece “*A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo*”.

Sendo evidente o interese municipal e particular en continuar a prestación deste servizo manifestada tanto na solicitude do contratista como nos informes emitidos con anterioridade ao vencimento do contrato, parece



CSV: Qdb48TA+NoP87/A8Cj2yLw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLERO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 2 / 4

DATAS(UTC)

30/10/2017 18:28:01

30/10/2017 18:28:01

excesivamente rigorista - a xuízo dos que subscriben- concluir que esta prórroga puidera ser irregular, sen prexuízo doutro mellor criterio contrario.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestiós, di:

"VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP."

La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas, sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.

La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.

El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concurre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación**. Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP.””

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire o apartado 3 da Disposición Adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo número 3/2011 do 14 de novembro, con base na proposta do referido servizo conformada pola Tenente de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (Grupo Municipal Socialista -GMS-), que preside a sesión; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA**:



CSV: Qdb48TA+NoP87/A8Cj2yLw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLERO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 3 / 4

DATAS(UTC)

30/10/2017 18:28:01

30/10/2017 18:28:01

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refº: 17x460150651

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2017

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil **KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION, S.A.**, con NIF A78107349, adxudicataria do **CONTRATO SERVIZO DE MANTENEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO** dende o 31.05.2017 ata o 30.05.2018 con base nos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxección ao prego de condicións técnicas e económico-administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato subscrito e demás documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 126.820,36 euros e 30.000 euros para facer fronte á prorroga dende o 31.05.2017 ata o 31.12.17 con cargo ás aplicacións 13200.22799 e 13200.61900 do orzamento municipal vixente (RC 92310; RCC 99616; e RC 92313; C.P 17RT00004); así como adoptar o compromiso de habilitar crédito no exercicio 2018 para facer fronte ao gasto derivado da prorroga para o dito exercicio.

TERCEIRO.- Darles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demás dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrita áinda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídense esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.